

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA O ESTABLECEMENTO DE AXUDAS AO ALUGUEIRO DE VIVENDA E LOCAIS COMERCIAIS**

**Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis**

Cuntis, 21 de xaneiro de 2021

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Pleno da Corporación de Cuntis, en sesión extraordinaria do día 14 de xaneiro, aprobou inicialmente o orzamento municipal para o presente exercicio. O proxecto inicial do Goberno Local incorpora, segundo os acordos acadados, propostas do Grupo Municipal de Veciñanza que estimamos de especial interese para a situación que atravesamos o noso municipio. No documento presentado polo noso grupo expoñíase o seguinte:

*“O problema demográfico segue a afectar en maior medida ao noso municipio que ao resto da comarca, e tan só a situación coxuntural do ano 2020 matiza levemente a acentuada perda de poboación de Cuntis. (...)Instamos a que se implemente unha liña de axudas ao alugueiro de vivenda, especialmente para a mocidade, tal e como existe noutros municipios. Instamos a que se implemente unha liña de axudas ao alugueiro de locais comerciais para negocios locais, pensando no emprendemento e nas axudas aos sectores máis danados pola crise económica.”*

Durante as negociacións previas á celebración do pleno extraordinario do 14 de xaneiro de 2021, o grupo de goberno comprometeuse a incorporar as propostas de Veciñanza relativas á creación de liñas de axuda ao alugueiro de vivendas e locais comerciais. Este tipo de axudas son fundamentais para combater o problema demográfico, pero resultan tamén de especial interese en épocas de crise económica e dificultades como a que estamos a vivir. Están reguladas e existen xa noutros concellos. Tanto no caso das axudas ao alugueiro de vivenda como para locais comerciais é precisa a elaboración dun regulamento que recolla uns requisitos adaptados á realidade actual da nosa vila, pero que ao mesmo tempo eviten un incremento artificial dos prezos, que en Cuntis xa se consideran notablemente elevados.

Na liña de traballo que vén mantendo Veciñanza, prestando especial atención ás propostas relacionadas coa necesidade de fixar poboación e atallar o declive demográfico de Cuntis, entendemos que este debe ser un acordo amplo de toda a Corporación. Procuramos ademais que o acordo acadado para o proxecto de orzamentos adopte forma documental mediante acordo plenario.

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1. Instar ao Goberno Municipal a elaborar un regulamento para a prestación de axudas ao alugueiro de vivenda amparado na partida orzamentaria reservada a tal efecto.
2. Instar ao Goberno Municipal a elaborar un regulamento para a prestación de axudas ao alugueiro de locais comerciais amparado na partida orzamentaria reservada a tal efecto.